



1.- PANORAMA XERAL



Área funcional de Lugo, formada polas comarcas lucenses de Os Ancares, A Fonsagrada, Lugo, Meira, Sarria, Terra Chá e A Ulloa (a súa situación pode consultarse no **mapa 1**), é unha das doce rexións funcionais nas que se agrupan as comarcas galegas segundo a estrutura establecida no "Plan comarcal de Galicia" deseñado polo Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial da Xunta de Galicia. Este Plan concíbese como un instrumento de coordinación das directrices e normas básicas económicas e sociais para conquistar un desenvolvemento territorial homoxéneo e equilibrado de Galicia.

Esta área funcional está composta por 40 concellos dos 67 que conforman a provincia de Lugo, o que supón o 58% do total da provincia de Lugo e un 13% dos concellos galegos.

As sete comarcas do estudo abranguen un total de 6.465 km², que, comparados cos 9.829 da provincia luguesa, fan que esta área supoña o 66% do total provincial. Asemade, tendo presente que a extensión da Comunidade galega é de 29.532 km², a área funcional supón un 22% do total territorial galego (mentres que o conxunto da provincia é o 33% do total galego).

A Terra Chá, cos seus 1.820 km², é a comarca máis extensa de Galicia. O resto das comarcas son tamén, en termos xerais, máis extensas que a media das comarcas galegas, se ben isto coincide coa tendencia das comarcas interiores en Galicia, que son de maior dimensión que as costeiras.

En termos poboacionais, e segundo os datos reflectidos pola renovación do Padrón Municipal de Habitantes a 1 de xaneiro de 1998, as 229.045 persoas que residen na área

Mapa 1.





Cadro 1.1.

Territorio e poboación na área funcional de Lugo

	Superficie (km ²)	Poboación 1998	Densidade de poboación	Número de concellos	Entidades singulares
Comarca dos Ancares	1.049	14.979	15	6	564
Comarca da Fonsagrada	680	7.981	12	3	427
Comarca de Lugo	1.350	111.055	81	8	1.392
Comarca de Meira	312	7.043	23	4	255
Comarca de Sarria	836	26.824	33	7	918
Comarca da Terra Chá	1.820	49.636	28	9	2.123
Comarca da Ulloa	418	11.527	29	3	527
Área Funcional Lugo	6.465	229.045	36	40	6.206
Provincia Lugo	9.829	367.751	38	67	9.915
Galicia	29.532	2.724.544	93	315	30.190

Fonte: IGE. Base estatística para a obtención de indicadores socioeconómicos das comarcas galegas IGE. Renovación do Padrón a 1 de xaneiro de 1998

funcional estudada son o 62% dos habitantes da provincia de Lugo (un total de 367.751) e o 8% dos galegos (a poboación da comunidade acada os 2.724.544 habitantes na data de referencia).

Dentro da área funcional, a comarca máis densamente poboada é a de Lugo, cunha densidade de poboación de 80,6 habitantes por km², mentres que as menores densidades corresponden a A Fonsagrada e a Os Ancares, con valores de 12,2 hab/km² e 14,7hab/km², respectivamente. Para o conxunto da área, a densidade de poboación sitúase nos 35,8 hab/km², similar á correspondente ó total da provincia (37,6 habitantes por km²), aínda que lonxe da media galega, que está en 92,7 hab/km².

As sete comarcas da área funcional están formadas por un número de concellos comprendido entre 3 e 9. A Fonsagrada e A Ulloa son as comarcas con menos concellos (tres cada unha delas) namentres que a Terra Chá, con nove concellos, é a que máis ten. En canto ás entidades singulares de poboación,

das 9.915 que hai na provincia, 6.206 están situadas nesta área, o que supón un 63% do total. A porcentaxe sería do 21% respecto ás 30.190 entidades existentes en Galicia. Na súa división no interior da área funcional, a Terra Chá, con 2.123, é a comarca cun maior número de entidades singulares de poboación, fronte ás 255 que ten Meira e que fan que sexa a comarca que conte con menor número das mesmas.

O centro económico e cabeceira da área funcional é a cidade de Lugo, que como capital da súa comarca e, sobre todo, como capital da provincia amósase como o foco sobre o que gravita o conxunto da área. Igualmente, a comarca de Lugo amósase non só como o centro xeográfico da área senón como o núcleo máis dinámico da mesma. A nivel municipal tamén destacan, aínda que a considerable distancia de Lugo, os concellos de Sarria e Vilalba como capitais das comarcas de Sarria e Terra Chá, respectivamente.

Xeograficamente a área funcional de Lugo limita ó norte coa Mariña lucense e ó

sur coa área funcional de Monforte, formada polas comarcas de Chantada, Terra de Lemos e Quiroga. Asturias e León están situadas ó este da área, namentres que a franxa oriental da provincia de A Coruña e o borde nororiental da provincia de Pontevedra (O Deza) limitan polo oeste. Como comarcas septentrionais da área aparecen (enumeradas de oeste a este) Terra Chá, Meira e A Fonsagrada, mentres que A Ulloa, Lugo, Sarria e Os Ancares atópanse na zona máis meridional.

Como xa foi mencionado previamente, Lugo configúrase como o centro natural da área, o que ten tamén un claro reflexo nas infraestructuras. Así, as principais estradas son a autovía do noroeste e a nacional VI, que percorren diagonalmente a área en dirección noroeste-sudeste. Asemade, a N-634 supón o enlace coa cornisa cantábrica á vez que permite o enlace con Santiago de Compostela e coa provincia de Pontevedra ó face-lo percorrido no senso oposto ás estradas anteriores, é dicir, diagonalmente do noreste ó suroeste.

En canto á rede ferroviaria, a liña A Coruña–Monforte confórmase como o eixo vertebrador neste tipo de infraestructuras.

Orograficamente, o río Miño, desde o seu nacemento en Fontemiña, atravesa a xeografía lucense en dirección sur pasando da coñecida como Meseta Lucense ata as terras máis accidentadas de Sarria. As maiores alturas da área atópanse na terra de Os Ancares e O Caurel, coincidindo coa fronteira entre Galicia e a Meseta; así Penarrubia, O Mustellar e Pena Longa acadan cotas superiores ós 1.800 metros. Esta área funcional

tamén ve o nacemento doutros importantes ríos galegos, como o Ulla, o Támega, o Eume, o Eo ou o Navia.

Realidade socioeconómica

Unha primeira aproximación á realidade socioeconómica da área funcional de Lugo pode ser realizada a partir da información proporcionada polo *Anuario Comercial de España 2000* de La Caixa. Os datos aquí recollidos poden ser divididos en dous tipos: primeiro, unha serie de indicadores económicos (**cadro 1.2.**) que tentan recoller diversos aspectos no eido industrial, comercial, turístico e fiscal; posteriormente, datos (**cadro 1.3.**) referidos a diferentes variables con incidencia na actividade económica, como o número de teléfonos, vehículos de motor, oficinas bancarias e maila relación dos diferentes tipos de actividades económicas.

Como complemento ó primeiro tipo de datos faise tamén referencia a unha estimación da renda familiar dispoñible por habitante denominada "nivel económico". Sen embargo, a análise deste índice non pode ser feita a nivel comarcal posto que, pola súa confección, non é posible a agregación e só resulta factible un estudio dos concellos en relación coas súas correspondentes comarcas e que é recollido no **gráfico 1.1.**

Tamén resulta de interese a información sobre a recadación do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) que facilita o IGE a partires da información que lle suministra o Ministerio de Economía (**cadro 1.4.**). Concretamente, recóllense as



seguintes variables: número de declarantes, rendemento medio, deducción media e cota líquida media para os anos 1994 e 1995, xunto coa súa porcentaxe de variación.

Antes do inicio da análise destes indicadores e variables, cómpre destaca-lo feito de que este estudio é realizado polo Servicio de Estudios de La Caixa só para municipios con máis de 1.000 habitantes. Para o conxunto de España, estímase que isto supón un 4% de erro. No caso da área funcional de Lugo, as fallas de información afectan ós concellos de Negueira de Muñiz, Ribeira de Piquín e Triacastela, é dicir, tres dos corenta concellos incluídos.

O primeiro dos indicadores recollidos no **cadro 1.2.** é a "cota de mercado", un índice que reflicte a capacidade de consumo comparativa dos concellos mediante un promedio de números índices de distintas variables para expresa-la participación (en tanto por 100.000) sobre o total nacional. A comarca que acada un maior valor deste indicador, cun nivel de 276, é Lugo, mentres que Meira e A Fonsagrada, con 16 e 17, respectivamente, presentan os niveis máis baixos. En conxunto, a área funcional de Lugo supón un 61% da cota de mercado da provincia, que, á súa vez, dispón dun 8,5 % do total de Galicia.

O segundo indicador é o "índice industrial", un índice comparativo da importancia da industria baseado na recadación do imposto sobre actividades económicas (IAE). De xeito semellante ó anterior, este indicador recolle o peso relativo (en tanto por 100.000) da industria sobre o total nacional. Os datos deste índice reflicten que

a comarca de Lugo concentra a meirande parte da actividade industrial da área (cun valor de 197), mentres que as tres comarcas que presentan un valor máis baixo deste índice son A Fonsagrada (5), Meira (10) e A Ulloa (10).

O "índice comercial" configúrase como un indicador comparativo da importancia do comercio en función do IAE das actividades maioristas e minoristas e recolle o peso relativo (en tanto por 100.000) con respecto ó conxunto do estado. Como ocorría nas actividades industriais, as comerciais aséntanse dun xeito claro na comarca de Lugo (o seu índice acada un valor de 323), mentres no outro extremo se atopan Meira e A Fonsagrada (cuns valores de 12 e 9, respectivamente).

O cuarto dos índices recollidos céntrase no eido do turismo. Trátase dun indicador comparativo da importancia turística que expresa a participación en tanto por 100.000. Este "índice turístico" tamén parte do IAE distinguindo segundo a categoría dos establecementos, o número de habitacións e maila súa ocupación anual. A comarca de Lugo concentra a maior importancia no seo da área funcional, cun índice de 128, e son A Ulloa (con 3) e A Fonsagrada (con 4) as que contan con menor participación a nivel turístico no conxunto de tódalas comarcas.

O "índice de actividade económica" xorde como un indicador comparativo da actividade económica municipal. Parte tamén da información do IAE e expresa a participación da actividade económica (en tanto por 100.000) sobre o total nacional. Este índice está relacionado coa "cota de

Cadro 1.2.

Principais indicadores económicos da área funcional de Lugo 1998

	Cota de Mercado	Índice industrial	Índice comercial	Índice Turístico	Índice actividade económica	Nivel económico
Comarca dos Ancares	38	13	19	22	16	-
Baralla	8	4	5	1	4	4
Becerreá	10	4	8	1	6	4
Cervantes	5	1	1	4	1	3
Navia de Suarna	6	1	2	1	2	5
As Nogais	4	2	2	7	2	4
Pedrafita do Cebreiro	5	1	1	8	1	4
Comarca da Fonsagrada	17	5	9	4	6	-
Baleira	4	1	1	2	1	4
A Fonsagrada	13	4	8	2	5	5
Negueira de Muñiz	-	-	-	-	-	-
Comarca de Lugo	276	197	323	128	279	-
Castroverde	9	2	6	-	3	5
O Corgo	9	3	7	3	4	4
Friol	10	3	6	1	4	4
Guntín	7	2	3	1	2	4
Lugo	222	143	285	111	245	5
Outeiro de Rei	9	36	6	1	13	4
Portomarín	5	2	3	8	3	4
Rábade	5	6	7	3	5	5
Comarca de Meira	16	10	12	1	9	-
Meira	6	6	6	1	5	5
Pol	5	1	2	-	1	4
Ribeira de Piquín	-	-	-	-	-	-
Riotorto	5	3	4	-	3	4
Comarca de Sarria	63	58	50	8	45	-
O Incio	6	2	3	-	2	4
Láncara	8	9	5	-	5	4
Paradela	6	2	3	-	2	4
O Páramo	4	1	3	-	1	4
Samos	5	1	2	2	1	4
Sarria	34	43	34	6	34	5
Triacastela	-	-	-	-	-	-
Comarca da Terra Chá	114	93	91	18	73	-
Abadín	8	1	3	1	2	4
Begonte	8	19	3	1	7	4
Castro de Rei	13	9	9	1	7	5
Cospeito	14	5	9	1	6	5
Guitiriz	15	21	12	4	12	4
Muras	2	18	1	-	6	3
A Pastoriza	10	4	9	1	5	4
Vilalba	38	15	41	9	26	5
Xermade	6	1	4	-	2	4
Comarca da Ulloa	26	10	17	3	12	-
Antas de Ulla	6	2	4	-	2	4
Monterroso	10	5	9	1	6	4
Palas de Rei	10	3	4	2	4	5
Área Funcional Lugo	550	386	521	184	440	-
Provincia de Lugo	901	974	773	297	761	5
Galicia	6.503	6.122	5.951	2.959	5.679	4

Fonte: *La Caixa*, *Anuario Comercial*



Cadro 1.3.

Principais variables con incidencia na actividade económica da área funcional de Lugo 1998

	Teléfonos	Vehuculos de motor	Oficinas bancarias	Actividades industriais	Actividades comerciais maioristas	Actividades comerciais minoristas		Actividades de restauración e bares
						número	m ²	
Comarca dos Ancares	4.679	6.750	23	198	48	208	27.534	167
Baralla	1.043	1.582	4	52	15	45	7.862	31
Becerreá	1.301	1.868	7	69	18	65	11.054	47
Cervantes	654	973	2	16	6	14	503	23
Navia de Suarna	670	824	5	27	3	27	2.058	23
As Nogais	532	746	2	20	4	22	1.187	20
Pedrafita do Cebreiro	479	757	3	14	2	35	4.870	23
Comarca da Fonsagrada	2.352	3.287	8	86	19	114	8.095	68
Baleira	590	832	2	16	3	22	1.668	16
A Fonsagrada	1.762	2.455	6	70	16	92	6.427	52
Negueira de Muñiz	-	-	-	-	-	-	-	-
Comarca de Lugo	47.196	58.939	97	1.581	561	2.503	250.433	1.019
Castroverde	1.076	1.672	4	54	20	54	3.608	13
O Corgo	1.425	2.182	1	72	16	56	9.944	37
Friol	1.415	1.833	3	73	15	59	4.332	39
Guntín	979	1.466	2	31	7	37	2.490	21
Lugo	39.580	47.597	80	1.190	447	2.159	213.217	843
Outeiro de Rei	1.383	2.239	1	81	21	33	4.590	21
Portomarín	617	908	3	29	9	38	4.659	16
Rábade	721	1.042	3	51	26	67	7.593	29
Comarca de Meira	2.095	2.997	10	134	38	133	11.427	39
Meira	701	929	6	49	18	76	6.690	23
Pol	721	989	2	27	7	21	1.951	6
Ribeira de Piquín	-	-	-	-	-	-	-	-
Riotorto	673	1.079	2	58	13	36	2.786	10
Comarca de Sarria	8.142	12.327	26	463	122	478	52.293	201
O Incio	828	1.049	2	25	9	25	1.244	11
Láncara	950	1.656	4	36	8	46	10.267	19
Paradela	685	999	2	44	8	29	2.544	11
O Páramo	547	895	-	23	13	13	1.644	3
Samos	591	972	1	28	10	19	875	13
Sarria	4.541	6.756	17	307	74	346	35.719	144
Triacastela	-	-	-	-	-	-	-	-
Comarca da Terra Chá	15.568	23.806	45	658	213	832	84.956	384
Abadín	1.112	1.576	3	23	5	44	3.492	18
Begonte	1.199	1.590	3	59	4	38	3.381	23
Castro de Rei	1.779	2.841	5	102	21	101	10.067	37
Cospelto	1.808	3.008	5	73	27	101	9.148	38
Guitiriz	2.025	2.869	8	103	23	121	12.094	56
Muras	337	476	1	14	1	8	694	9
A Pastoriza	1.288	2.504	3	53	16	58	7.091	16
Vilalba	5.142	7.686	16	207	105	325	37.304	171
Xermade	878	1.256	1	24	11	36	1.685	16
Comarca da Ulloa	3.703	4.540	13	184	37	206	14.983	88
Antas de Ulla	848	1.053	3	40	8	39	3.424	14
Monterroso	1.386	1.748	4	85	19	111	7.786	49
Palas de Rei	1.469	1.739	6	59	10	56	3.773	25
Área Funcional Lugo	83.735	112.646	222	3.304	1.038	4.474	449.721	1.966
Provincia de Lugo	134.252	178.794	384	5.746	1.577	7.714	705.659	3.266
Galicia	1.007.689	1.330.852	2.500	39.025	11.291	54.581	4.741.546	22.849

Fonte: La Caixa, Anuario Comercial

mercado", é dicir, xeralmente obsérvase unha correlación entre a capacidade de compra e o Imposto sobre Actividades Económicas, aínda que ás veces se dan algunhas diferencias. O primeiro e último lugar con respecto á actividade económica dentro da área corresponden a Lugo e A Fonsagrada, respectivamente, con valores de 279 e 6.

Na comparación destes índices de importancia relativa da área funcional de Lugo con respecto ó total da provincia, salienta que a relación acadada a súa porcentaxe máis alta no índice turístico, cun valor do 66,9%, mentres que a menor porcentaxe corresponde ó índice industrial, onde a área de Lugo significa un 43,4% do total da provincia. Polo que se refire á relación entre a provincia e o total galego, é dicir, a proporción Lugo/Galicia, a cifra máis importante corresponde ó índice industrial, cun valor do 15,9%, mentres no extremo contrario, co 10,0%, atópase o índice turístico.

Para completa-la análise xeral da situación da área funcional, o **cadro 1.3.** recolle outra serie de variables ben diferentes. Aquí non se trata de índices ou indicadores (expresados a modo de porcentaxe) senón que son magnitudes concretas que se refiren a variables como número de teléfonos, vehículos, oficinas bancarias, actividades industriais, actividades comerciais maioristas e minoristas e actividades de restauración e bares. Cada unha delas recolle diversos aspectos do contexto económico da área funcional e proporciona unha idea cualitativa das distintas comarcas.

Así, por exemplo, o número de teléfonos reflicte o grao de desenvolvemento eco-

nómico: a comarca de Lugo, con case 50.000 aparellos, atópase na cabeza, seguida da Terra Chá, con pouco máis de 15.000. No outro extremo, Meira e A Fonsagrada non chegan ás 3.000 unidades no conxunto de cada comarca.

Os vehículos de motor (automóviles, camións e furgonetas e outros) tamén se concentran maioritariamente nas comarcas de Lugo e Terra Chá, fundamentalmente na primeira delas. Entre as dúas reúnen case 75.000 vehículos, o que supón aproximadamente o 75% do total da área (o 45% corresponde a Lugo). Meira e A Fonsagrada, con porcentaxes en torno ó 3% cada unha delas, aportan a menor cantidade de vehículos.


Tamén as oficinas bancarias localízanse de xeito preferente en Lugo e a Terra Chá, aínda que a porcentaxe conxunta neste caso é menor que nos vehículos de motor ó supor aproximadamente o 65% do total (se ben Lugo mantén a porcentaxe do 45%). Pola outra banda, son tres as comarcas que apenas superan o 5%: A Fonsagrada, Meira e A Ulloa.

A análise das actividades segundo se trate de actividades industriais, comerciais maioristas, comerciais minoristas e de restauración e bares amosa, en termos xerais, unha concentración na comarca de Lugo, seguida a considerable distancia de Terra Chá e Sarria. O maior grao de concentración corresponde ás actividades comerciais minoristas, namentres que as actividades industriais amosan a maior dispersión no global da área funcional.

Polo que se refire ás comarcas con



Gráfico 1.1. **Distribución dos concellos** (1) segundo o seu nivel económico



(1) A Comarca da Fonsagrada non inclúe os datos do concello de Negueira de Muíiz; a de Meira non inclúe os de Ribeira de Piquín e a de Sarria non inclúe a de Triacastela.

menor número de actividades nos distintos eidos, A Fonsagrada é a que conta, en termos absolutos e relativos, con menos unidades en tres dos catro tipos de actividades estudadas: industriais, comerciais maioristas e minoristas. No caso das actividades de restauración e bares, Meira posúe menos establecementos deste tipo, cun punto e medio porcentual menos que A Fonsagrada.

Para estas actividades, a relación da área con respecto ó total da provincia sitúase en tódolos casos nunha banda entre o 55 e o 65%, agás no caso das actividades comerciais maioristas, onde acada un valor do 65,8%. As menores porcentaxes corresponden ós ratios de oficinas bancarias e actividades comerciais minoristas, co 57,5% e o 58%, respectivamente. Con respecto á relación entre o total provincial e o total galego, a banda de fluctuación é menor: tódolos niveis atópanse entre o 13 e 15, con valores moi semellantes para as diferentes variables analizadas.

Outro indicador interesante, malia que pola súa confección non é factible o estudio a nivel comarcal, é o denominado "nivel económico", recollido tamén no antedito **cadro 1.2**. Trátase dun índice da renda familiar dispoñible por habitante para o que se definen dez niveis, cada un deles correspondente con diferentes tramos de renda. O estudo ten que se limitar a unha análise cuantitativa a nivel municipal dentro do ámbito das comarcas, pois non é posible contar con datos máis agregados. No caso da área funcional de Lugo, tódolos concellos atópanse dentro dos niveis 3 (rendas entre 1.000.000 e 1.125.000 pesetas), 4 (de 1.125.000 a 1.250.000 pesetas) e 5 (de 1.250.000 a 1.450.000 pesetas).

O **gráfico 1.1**. amosa a distribución de concellos en cada comarca segundo o seu nivel económico. Como se pode observar, dúas comarcas contan con tres concellos de nivel 5 (Lugo e Terra Chá), mentres que o resto das comarcas contan cun só concello

Cadro 1.4.

Imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) da área funcional de Lugo 1996-97

	1996				1997				97/96				
	Nº declarantes	Rendemento medio*	Deducción media*	Cota líquida media*	Nº declarantes	Rendemento medio*	Deducción media*	Cota líquida media*	Nº declarantes	Rendemento medio	Deducción media	Cota líquida media	(%)
Área Funcional Lugo	88.894	1.741.015	70.650	229.401	89.984	1.745.182	71.957	228.131	1,2	0,2	1,9	-0,6	
Comarca de Os Ancares	4.987	1.234.469	57.407	123.366	4.911	1.254.830	60.316	124.729	-1,1	1,6	5,1	1,1	
Comarca de A Fonsagrada	2.666	1.182.502	56.297	108.593	2.675	1.209.180	58.729	110.384	0,3	2,3	4,3	1,6	
Comarca de Lugo	48.228	2.027.981	76.976	300.876	49.094	2.029.085	78.410	288.752	1,8	0,1	1,9	-0,7	
Comarca de Meira	2.514	1.426.607	65.795	142.696	2.530	1.396.146	66.601	136.966	0,6	-2,0	1,2	-4,0	
Comarca de Sarria	9.220	1.466.361	62.721	160.112	9.287	1.482.612	64.664	162.459	0,7	1,1	3,1	1,5	
Comarca da Terra Chá	17.791	1.442.878	65.968	148.155	17.950	1.439.106	66.190	144.801	0,9	-0,3	0,3	-2,3	
Comarca de A Ulloa	3.508	1.396.684	61.393	145.011	3.537	1.381.765	60.814	141.054	0,8	-1,1	-0,9	-2,7	
Provincia de Lugo	142.089	1.709.338	70.974	217.917	143.112	1.715.774	72.161	217.468	0,7	0,4	1,7	-0,2	

*datos en pesetas

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de IGE.



nese chanzo. Os dous concellos con nivel 3 están ubicados un en Os Ancares e o outro na Terra Chá. Os demais concellos sobre os que se proporciona información sitúanse no nivel 4.

Precisamente este é o nivel asignado ó total galego, aínda que o valor para a provincia de Lugo é 5, o que dá idea de que as comarcas non pertencentes á área funcional aportan niveis altos que implican unha elevación da media provincial. Así pois, o total da área sitúase en niveis medios na comunidade autónoma, mentres que está por debaixo respecto á media provincial.

A información sobre a recadación tributaria do IRPF aparece recollida no **cadro 1.4.**, que amosa o número de declarantes, o rendimento medio, a deducción media e a cota líquida media para os anos 1996 e 1997 ó tempo que recolle a súa porcentaxe de variación.

En 1997, o número de declarantes ascendeu na área funcional de Lugo a 89.984 (un 1,2% máis que no ano anterior), o que representou o 63% do total de declarantes da provincia. Atendendo á súa distribución comarcal, o **cadro 1.4.** reflicte que tódalas comarcas, agás a de Os Ancares, experimentan un incremento no número de declarantes, salientando o caso da comarca de Lugo, que rexistra un incremento do 1,8% respecto ó ano anterior (866 declarantes máis).

Os datos do anexo 1 reflicten que en 11 dos 40 concellos da área redúcese o número de declarantes. O descenso máis acusado prodúcese en As Nogais, con 34

declarantes menos (5,7%) e en Xermade, con 25 menos (2,5%).

O rendimento medio aumentou un 0,2% respecto ó ano anterior na área funcional de Lugo, descendendo nas comarcas de Meira (2%), A Ulloa (1,1%) e Terra Chá (0,3%). En termos absolutos, o rendimento medio ascendeu en 1997 a 1.745.182 pesetas, o que supón, **cadro 1.4.**, que supera en 29.408 pesetas ó rendimento medio do conxunto da provincia de Lugo.

Segundo a distribución municipal, son 13 os concellos que experimentaron unha caída do rendimento medio, salientando os de Riotorto (Meira), cun descenso de 97.335 pesetas (7,7%), e Guitiriz (Terra Chá), con 34.431 pesetas menos (2,3%). Pola contra, os concellos con maior crecemento son os de Negueira de Muñiz (A Fonsagrada) e Guntín (Lugo), con máis de 47.000 pesetas.

A deducción media aumentou un 1,9% na área funcional de Lugo no ano 1997, fronte ó 1,7% no caso da provincia. Este crecemento prodúcese en tódalas comarcas da área funcional agás na de A Ulloa (descende un 0,9%), salientando o crecemento experimentado na comarca de Os Ancares (5,1%) e na de A Fonsagrada (4,3%).

Segundo a súa distribución municipal, o anexo 1 reflicte que a deducción media descende en 8 concellos (Negueira de Muñiz, en A Fonsagrada; Pol e Riotorto, en Meira; Castro de Rei, Guitiriz e Xermade, na Terra Chá; e en Monterroso e Palas de Rei, na comarca de A Ulloa). Salientan os casos de Xermade e Pol, con 3,6% e 3%, respectivamente.

Finalmente, a cota líquida media descende tanto na provincia de Lugo (0,2%) como na área funcional analizada (0,6%) entre os dous anos considerados, seguíndose esta mesma evolución nas comarcas de Lugo, Meira, Terra Chá e A Ulloa. Atendendo á súa distribución municipal, dos 18 concellos onde descende a cota líquida media, salienta a evolución seguida polos concellos de Riotorto, onde descende 15.555 pesetas, un 13,5%, Monterroso (10.092 pesetas, 6,2%), Xermade (9.973 pesetas, 6,5%) e O Corgo (9.586 pesetas, 6,4%). ■